


ASOCIACIÓN DE PERIODISTAS DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Carlos Maside, 7  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 686 24 34 65 | 689 68 69 24  
apsantiagoc@hotmail.com

[www.periodistascompostela.org](http://www.periodistascompostela.org)

# I CERTAME E XORNADA SOBRE PERIODISMO DE OPINIÓ

Premio Raimundo García  
Domínguez ,“BOROBÓ”



**APSC**

# PREMIO RAIMUNDO GARCÍA DOMÍNGUEZ, "BOROBÓ"

Para honrar a memoria e o maxistral labor periodístico do promotor da xeración de *La Noche*, Raimundo García Domínguez, "Borobó" (Pontecesures, 1916-Santiago de Compostela, 2003) a Asociación de Periodistas de Santiago de Compostela convoca o I Certame e Xornada sobre Periodismo de Opinión, co outorgamento dun premio a un artigo inédito, que se rexerá polas seguintes BASES:

1. Poderán concorrer ao certame as persoas maiores de 18 anos de calquera nacionalidade.
2. A convocatoria do Premio ábrese o 10 de xullo de 2009, data do aniversario do nacemento en Pontecesures de Raimundo García Domínguez, "Borobó", e péchase o 10 de outubro do mesmo ano. En ningún caso se admitirán artigos para o certame fóra dese prazo.
3. Os artigos deberán redactarse en galego, consonte a normativa vixente disposta pola RAG. Deberán ser orixinais e inéditos. O tema é libre, aínda que o xurado valorará de maneira especial o seu interese periodístico e, ante un posible empate na valoración, fallará a prol do artigo que trate mellor a estreita vinculación entre Santiago de Compostela e Galicia, ou ben verse sobre calquera aspecto compostelán de alcance ou ámbito xeral.
4. Os orixinais terán entre 2.200 e 2.400 caracteres con espazos incluídos. Cada artigo deberá ser enviado en soporte físico dixital (CD, DVD, lapis ou tarxeta de memoria), rotulado ou etiquetado de forma clara e lexible co título do artigo e o lema ou pseudónimo que escollo o autor, mais a reprodución do texto en sete copias en papel. Os traballos remitiranse sen sinatura, en sobre pechado, á sede da Asociación de Periodistas de Santiago de Compostela, rúa Carlos Maside, nº 7. 15704 de Santiago de Compostela, facendo constar que é *Para o I Premio Raimundo García Domínguez, "Borobó"*. No sobre debe incluírse unha plica co lema ou pseudónimo que conteña o nome do autor, o seu enderezo, teléfono de contacto

e unha fotocopia do seu DNI. Cada concursante pode achegar ao certame varios artigos, pero debe enviar cada traballo por separado, xa que o xurado non premiará unha serie, senón un só artigo.

5. O xurado cualificador estará presidido polo titular da APSC ou polo asociado en quen delegue, mais seis vogais xornalistas, un dos cales será un profesional do periodismo proposto pola familia do ilustre persoeiro que dá título a este Premio. Como secretario, con voz e sen voto, intervirá a secretaria executiva da APSC.
6. O fallo darase a coñecer na segunda quincena de outubro, na clausura da I Xornada sobre Periodismo de Opinión, que se celebrará en Santiago de Compostela, coa intervención de destacados profesionais que se dedican á opinión periodística nas máis diversas vertentes, expresamente convidados pola APSC para participar no evento. Nese mesmo acto lerase o artigo premiado, que se publicará ao día seguinte na páxina web da Asociación [www.periodistascompostela.org](http://www.periodistascompostela.org) e mais na revista trimestral "Periodistas", editada pola Federación de Asociaciones de Periodistas de España (FAPE). Así mesmo, o texto premiado enviarase en soporte informático a todos os xornais de Galicia, con rogo de publicación.
7. A dotación do premio é de 4.000 € (catro mil euros), mais unha peza que representa unha "Pluma de Ouro". O xurado poderá outorgar accésits, sen dotación económica, a dous artigos finalistas, entregando aos seus autores pezas semellantes de "Prata" e de "Bronce". A entrega do Premio farase así mesmo na clausura da devandita "Xornada sobre Periodismo de Opinión".
8. O Premio non poderá declararse deserto e, en calquera caso, o fallo do xurado será inapelable.
9. Con todo, o xurado terá plena competencia para a interpretación destas bases.
10. A organización non se fará responsable do extravío dos orixinais remitidos ou devoltos, nin manterá correspondencia sobre os mesmos.